

Tendo en conta o informe proposta con data 02 de agosto de 2021 e que literalmente di:

“O Concello de Ferrol, no ámbito das súas competencias en materia de promoción da Cultura, segundo o artigo 25.2.m) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local organiza a través da concellería de Cultura e Festas as actividades da **Noite das Pepitas** que terán lugar o vindeiro día 11/09/2021

Unha das tradicións máis arraigadas no concello de Ferrol é a rolda ás mulleres de Ferrol na noite anterior ao *Día das Pepitas*. Participan neste evento dende a súa orixe as agrupacións ferrolás (*Año-ranzas, Club de Campo, Bohemios e Sonidos del Alba*). Dende hai anos estas agrupacións colaboran nesta actividade formando parte da organización deste evento.

No ano 2019 incorporouse a este grupo de rondallas ferrolanas a rondalla de mulleres “*So Elas*”, que pasou a formar parte do comité organizador deste evento.

Co obxectivo de darlle unha maior repercusión na celebración, e para amenizar as rúas da cidade, convidase as agrupacións ou roldas da comarca, dando cabida, segundo o acordado pola Coordinadora de Rondallas do día 7 de outubro de 2020 a tres (3). A Rondalla Mugardeza contará cun posto fixo mentras siga mantendo a actividade das Pepitas no Concello de Mugardeos.

Asi mesmo haberá unha actuación na Praza de Armas, que consistirá nun festival no que intervirán todas as roldas (as da cidade e as da comarca).

Por todo isto, e logo de ver a orde de inicio do expediente asinada, polo concelleiro delegado de Cultura e Festas, Antonio Golpe Díaz para a aprobación desta actividade propónse o seguinte:

Primeiro.- Aprobar as seguintes normas para participar na Noite das Pepitas, así como o modelo de a folla de inscrición:

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NA FESTA DAS PEPITAS 2021

1.- O número total de Rondallas participantes será de 8 (Oito) incluídas as 5 (cinco) de Ferrol, e o número de compoñentes non poderán ser inferior a vinte e cinco membros.

Co obxectivo de darlle unha maior repercusión na celebración, se convida as agrupacións ou roldas da comarca, dando cabida, segundo o acordado pola Coordinadora de Rondallas día 7 de outubro de 2020, a tres (3) da comarca.

Acordase tamén pola Coordinadora na reunión mantida na data anteriormente citada que, a Rondalla Mugardeza, conte cun posto fixo na celebración deste evento, mentras siga mantendo a actividade das Pepitas no Concello de Mugardeos.

As outras que participen, formarán parte dun sorteo sempre que cumpran cos todos os requisitos destas normas, elixíranse as dúas participantes restantes para facer o cómputo de tres.

2.- Os seus compoñentes deberán vestir o traxe tradicional para esta festa (capa, camisa, lazo ou semellante, bufanda e cintas ou escarapelas na capa)

3.- A música da Festa das *Pepitas* ten un timbre característico que é o resultado que lle dá o conxunto dos instrumentos de corda que acompañan ás voces dos (roldadores/roldadoras), guitarras, laúdes, mandolinas e bandurras. Co fin de que este timbre característico siga perdurando, as roldas participantes terán necesariamente que estar configuradas con estes instrumentos, aínda que poderían complementarse con outros de apoio, como violíns, frautas, acordeóns, etc.

4.- As roldas **interpretarán obrigatoriamente** un pasarúas, un vals e una danza, que poderán ser obras inéditas ou ben temas recuperados do antigo “Cancioneiro das *Pepitas*”. No caso de ser recuperados os textos para poñerlle unha nova música, **non poderá** modificarse o título primitivo da súa composición nin a data, pero **si** poderáse engadir a **nova data** e o **nome do novo autor** da música.

Nas partituras indícanse os nomes dos autores da música e da letra así como a data das mesmas.

As Rondallas que non cumpran con este punto na súa totalidade, seranlles devoltas as partituras e daráselles un prazo non superior a **5 días hábiles** para rectificalas. No caso de que non o fixesen no prazo indicado non poderán participar na *Festa das Pepitas* ese ano.

5.- As roldas participantes comprométense a entregar no Departamento de Festas (no momento da inscrición) as partituras dos temas que pretenden interpretar (letra e música) a parte de toda a documentación requirida (historial da Rondalla, fotografía da Rondalla, fotografía da Madriña-Padriño, folla de inscrición), co obxecto de ser supervisadas polo persoal cualificado, que verificará se cumpren cos requisitos antes indicados.

6.- O prazo de inscrición será de **10(dez) días hábiles** dende o seguinte á exposición destas normas no taboleiro de anuncios do Concello, así como na web municipal.

7.- As roldas participantes comprométense a acatar as normas que estableza o Comité organizador, que estará formado por:

Presidente: concelleiro delegado de Cultura e Festas

Vogais:

- Agrupación Artística Ferrolana Añoranzas
- Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol
- Agrupación Artística Ferrolana Bohemios
- Asociación Cultural Rondalla Sonidos del Alba
- Rondalla So Elas

8.- Coa finalidade de que a festa musical do *Día das Pepitas* gañe en calidade cada ano o Comité organizador poderá negar a participación dalgunha das agrupacións que, segundo o seu criterio, non achegue o nivel musical axeitado.

Así mesmo, poderá rexeitar este comité a aquelas agrupacións que no momento da súa actuación non interpretan as cancións recollidas no punto 4 e presentadas coa inscrición. Si se dá este caso non poderán participar o ano seguinte.

9.- Establécese unha homenaxe as persoas das Rondallas do Concello de Ferrol, con vinte e cinco anos ou máis de dedicación á *Festa das Pepitas*. Para os efectos, o Comité organizador nomeará cada ano, despois de examinadas as propostas das Rondallas, que en ningún caso superará un número de tres homenaxeados.

Como se trata de premiar os anos de dedicación á festa musical ferrolá por excelencia, podería darse o caso de que os homenaxeados pertencen todos á mesma Rondalla.

10.- Establécese tamén unha homenaxe aos letristas. As persoas que deron música as letras das cancións, terán que ter un número mínimo de 15 cancións escritas ou musicadas. Esta homenaxe será en anos alternos (un ano letrista e outro ano músico).

11.- As presentes Normas serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello e poderanse consultar na páxina web do Concello así como a folla de inscrición.

Ferrol,

O concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas,

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTE DEBERÁ ESTAR ESCRITA EN GALEGO.-

FOLLA DE INSCRICIÓN “PEPITAS 2020”

NOME DA ENTIDADE	
ÑÚMERO DE COMPOÑENTES	
NOME DA MADRIÑA	
NOME DO/A PRESIDENTE/A	

NOME DO/A DIRECTOR/A**DATOS DO REPRESENTANTE****NOME/APELIDOS****CIF/NIF****ENDEREZO****CONCELLO****E-MAIL****TELÉFONO**

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTEN DEBERÁ ESTAR ESCRITA EN GALEGO

Segundo.- Aprobar a realización da actividade que se desenvolverá o día 11/09/2021 na Praza de Armas con motivo da noite de Pepitas.

Terceiro.- Con anterioridade ao inicio destas actividades, abriase un prazo de 10 días para que as agrupacións que o desexen poidan inscribirse. Para participar deberán achegar unha ficha de inscrición segundo as normas de participación expostas no taboleiro de anuncios do Concello , e poderán ser consultadas e descargadas na páxina web municipal.

Cuarto.- A totalidade dos gastos xerados polo desenvolvemento das distintas actividades realizadas serán formalizados a través do programa contable Cividás, e imputaranse á reserva de crédito (RC) emitido pola intervención municipal e indicado no punto terceiro. “

Decreto: Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

Dou fe,
O secretario xeral